

ACTIVIDADES

- Programación Sala Fernando Rey, marzo 2020. Fórum Metropolitano
- Programación Sala Marilyn Monroe, marzo 2020. Fórum Metropolitano
- Somos o que lemos: encontros coa literatura contemporánea. Fundación Luis Seoane
- "Falemos de Sexting". Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero
- Conferencia "Educar na sociedade actual". Afundación
- Coñece e Camiña: Fuciño do Porco e arredores. Sociedade de Montaña Ártabros
- Sendeirismo polo Val de Lóuzara. Club Deportivo O Carroucho
- "Sae do Niño", visitas naturalistas guiadas 2020. Concellería de Medio Ambiente
- Ciclo de concertos "Beethoven 2020". Academia Galega de Belas Artes
- Axenda de concertos semanal na Coruña

BOLSAS

- Axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras 2020. Consellería de Educación, Universidade e FP
- Axudas para a realización de cursos de idiomas na estranxeiro para mocidade con discapacidade. Fundación ONCE

CONCURSOS

- XV Certame Literario: narrativa e poesía. Concello de Ames
- XVII Concurso escolar de debuxo sobre Dereitos Humanos. Defensor do Pobo de España

VARIOS

- XXVIII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional. Concello da Coruña e UDC
- Proxecto LEWO Voluntariado Xuvenil en Espazos Naturais. D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado
- Viaxes solidarias en Semana Santa. Asociación Vento Norte Sur
- Aplicación móbil "Risco 0". Colexio de Médicos da Coruña
-

ACTIVIDADES

Programación Sala Fernando Rey, marzo 2020

A sala Fernando Rey do Fórum Metropolitano presenta en marzo o ciclo de cinema "Estreos en VO"

CANDO:

- 5, 6 e 7 de marzo: "**O ovo do dinosourio**", de Quan'An Wang (Mongolia,2019). VOS castelán. NRM 12 anos NRM 12 anos (**especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero*)
- 12, 13 e 14 de marzo: "**O cociñeiro dos últimos desexos**" de Yojiro Takita (Japón, 2017). VOS castelán. NRM 12 anos
- 19, 20 e 21 de marzo: "**Bendita loucura**" de Carlo Verdone (Italia,2018). VOS castelán. NRM 12 anos
- 26, 27 e 28 de marzo: "**A intervención**" de Fred Grivois (Francia,2019). VOS castelán. NRM 12 anos
- 2, 3 e 4 de abril: "**A comuna**" de Thomas Vinterberg (Dinamarca,2016).VOS castelán. NRM 12 anos

HORARIO: xoves e venres ás 20.30 h. e sábados ás 17.30 e 20.30 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2 €)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.30 h): prezo único 1,50 €
- Abonos 5 películas: 12 €

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, 1/2 hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



Programación Sala Marilyn Monroe, marzo 2020

A sala Marilyn Monroe do Fórum Metropolitano presenta en marzo un ciclo de cinema dedicado ás mulleres

CANDO:

- 5, 6 e 7 de marzo: "**A cámara de Claire**" de Hong Sangsoo (Corea del Sur,2017). VOS castelán. NRM 7 anos
- 12, 13 e 14 de marzo: "**La mujer sin piano**" de Javier Rebollo (España-Francia,2009). VO castelán. NRM 7 anos
- 19, 20 e 21 de marzo: "**Tierra firme**" de Carlos Marqués Marcet (España,2017)). VO castelán. NRM 16 anos
- 26, 27 e 28 de marzo: "**Próxima**" de Alice Winocour (Francia,2018). VOS castelán. Todos os públicos (**especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero*)
- 2, 3 e 4 de abril: "**Kabei, a nosa nai**" de Yoji Yamada (Japón,2008). VOS castelán. NRM 7 anos

HORARIO: xoves e venres ás 20.15 h., e sábados ás 17.15 e 20.15 h

PREZO:

- 3 € (+65 anos, persoas desempregadas ou carné xove, 2 €)
- Sesión do espectador (sábados ás 17.15 h): prezo único 1,50 €
- Abonos 5 películas: 12 €

Venda de entradas:

- no despacho de billetes, media hora antes de cada función (se quedan entradas dispoñibles)
- na conserxería de Fórum, de luns a venres de 9 a 14 e de 16 a 20 h e sábados de 10 a 13 h.

LUGAR / INFORMACIÓN:

Fórum Metropolitano

R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 293

www.facebook.com/ForumMetro

Web: www.coruna.gal/cultura



ACTIVIDADES

Somos o que lemos: encuentros coa literatura contemporánea

A Fundación Luis Seoane continúa coa nova edición de "Somos o que lemos", un ciclo de encuentros coa literatura contemporánea no que destacadas figuras do panorama das letras actuais presentarán ao público os seus últimos traballos a través dunha serie de encuentros coordinados por Javier Pintor

CANDO:

- 4 de marzo: **Eduardo Sacheri** presenta "**Lo mucho que te amé**" (Ed. Alfaguara, 2019)
- 25 de marzo: **Almudena Grandes** presenta "**La hija de Frankenstein**" (Ed. Tusquets, 2020)
- 1 de abril: **Elvira Lindo** presenta "**A corazón abierto**" (Ed. Seix Barral, 2020)

HORARIO: 20.00 h.

PREZO: entrada gratuíta ata completar capacidade


LUGAR / INFORMACIÓN:

Fundación Luis Seoane

San Francisco, 27 (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 216 015 / correo-e: info@fundacionluisseoane.gal

Web: <https://fundacionluisseoane.gal>



"Falemos de Sexting"

O Espazo Municipal das Diversidades Sexuais e Identidades de Xénero, Espazo Diverso, acolle en marzo a charla "Falemos de Sexting" a cargo da sexóloga Lorena Boquete

Coñécese como "Sexting" a emisión e recepción de imaxes ou videos que conlevan un contido sexual a través das redes sociais, xa sexa con ou sen autorización de quen os coloca

As persoas que teñan algún tipo de necesidade específica para poder participar na actividade, poden contactar co Espazo Diverso cun mínimo de 48 h. antes do evento

CANDO: 12 de marzo de 2020

HORARIO: ás 19.00 h.

PREZO: de balde

LUGAR / INFORMACIÓN:

Espazo Diverso

CCM Cidade Vella. R/ Veeduría, 2. (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 189 889 / correo-e: espazodiverso@coruna.es

Web: www.coruna.gal/igualdade



Conferencia "Educar na sociedade actual" en Afundación

A sede Afundación da Coruña acolle, dentro do ciclo Educación S.XXI, a conferencia "Educar na sociedade actual. Claves e estratexias para a boa educación dos nenos", impartida por Víctor Arufe, profesor e gañador do Premio ao Mellor Docente de España en 2017 e profesor na Universidade da Coruña, na que aborda dunha forma moi práctica, orixinal e nova a educación dos nenos.

O ciclo Educación S.XXI pretende dar a coñecer as últimas tendencias, estudos e teorías sobre a aprendizaxe a toda a comunidade educativa, a través dun programa de conferencias impartido por grandes especialistas

CANDO: 12 de marzo de 2020

HORARIO: 19.00 h.

PREZO: entrada gratuíta (*retirar previamente invitación en <https://entradas.ataquilla.com>*)

LUGAR / INFORMACIÓN:

Sede Afundación A Coruña

Cantón Grande, 8 (15003 - A Coruña)

Tel.: 981 185 060 / socioculturales@afundacion.org

Web: www.afundacion.org



ACTIVIDADES

Coñece e Camiña: Fuciño do Porco e arredores

A Sociedade de Montaña Ártabros organiza unha nova ruta dentro do seu programa de sendeirismo Coñece e camiña, na que se percorrerá unha parte da costa norte de Lugo, Fuciño do Porco e arredores.

CANDO: 8 de marzo de 2020

INSCRICIÓNS: ata o 06/03/2020

HORARIO: saída ás 8:00 h. da esplanada de Riazor e parada en Avda. Alfonso Molina (*Estación Buses*)

PREZO: - Socios/as federados/as: 11 €
- Socios/as non federados/as: 12 €
- Non socios/as: 18 €

REQUISITOS:

- Facer inscrición previa
- Material: calzado de trekking e vestimenta axeitada, mochila, bastóns (opcional), auga e algo para comer

MÁIS INFORMACIÓN:

S.M. Ártabros

R/ Santa Teresa, 14 (15002 - A Coruña)

Tel.: 981 21 31 15 / correo-e: artabros@artabros.org

Web: www.artabros.org



Sendeirismo polo Val de Lóuzara

O Club O Carroucho organiza unha ruta de sendeirismo polo Val de Lóuzara, na provincia de Lugo.

CANDO: 21 de marzo de 2020

PREZO: - socios/as: 12€
- non socios/as federados/as: 15€
- non socios/as non federados/as: 17 €

REQUISITOS:

- facer inscrición previa
- calzado e roupa adecuada, auga e algo para comer

MÁIS INFORMACIÓN:

Club Deportivo O Carroucho

Tel. 618 61 77 99 de 20 a 22 h.

carroucho@carroucho.org

Web: www.carroucho.org



“Sae do Niño”, visitas naturalistas guiadas 2020

A Concellería de Medio Ambiente e Sustentabilidade organiza desde este mes visitas guiadas aos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL) da Coruña..

CANDO: venres de cada mes, agás festivos,

HORARIO: de 17.00 h a 18.30 h.

LUGAR:

- 1º e 5º venres: Espazo Natural de Interese Local (ENIL) da **Torre de Hércules** (*punto de encontro: fronte ao CIAV*)
- 2º venres: **Monte e ENIL das Illas de San Pedro** (*punto de encontro: porta de acceso ao Parque*)
- 3º venres: **Parque de Santa Margarida** (*punto de encontro: Casa das Ciencias*)
- 4º venres: **Xardíns de Méndez Núñez** (*punto de encontro: palco da música*)

PREZO: gratuítas.

MÁIS INFORMACIÓN:

Concellaría de Medio Ambiente e Sustentabilidade

Tel. 981 90 38 34

educacionambiental@coruna.es

Web: www.coruna.gal/medioambiente

**SAE DO NIÑO,
ACHÉGATE Á NATUREZA**

VENRES DE CADA MES, AGÁS FESTIVOS
DE 17.00 A 18.30 h. GRATUÍTAS
Visitas suxeitas ás condicións meteorolóxicas

<p>1º e 5º venres Espazo Natural de Interese Local (ENIL) da Torre de Hércules Punto de encontro: fronte ó CIAV.</p> <p>2º venres Monte e ENIL das Illas de San Pedro Punto de encontro: na porta de acceso ao Parque.</p>	<p>3º venres Parque de Santa Margarida Punto de encontro: Casa das Ciencias.</p> <p>4º venres Xardíns de Méndez Núñez Punto de encontro: palco da música fronte ao Quiosco Alfonso.</p>
--	---

Visitas naturalistas guiadas
2020

Para estar ao día!!! [@educambcoruna](https://twitter.com/educambcoruna)

Se pertences a unha asociación ou grupo interesado en realizar esta visita, a nivel de outros espazos das institucións municipais de carácter medio ambiental, podes solicitar outras datas e horarios en educacionambiental@coruna.es 981 90 38 34



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
VIVA



CORUÑA
XPROXIMA

ACTIVIDADES

Ciclo de concertos "Beethoven 2020"

A Academia Galega de Belas Artes en colaboración cos Conservatorios Superior e Profesional de Música da Coruña, organiza entre vos meses de marzo e maio ou ciclo de concertos Beethoven 2020, coincidindo co 250 aniversario do nacemento do compositor

CANDO:

- 10 de marzo: "Momentos musicais 1, 2 e 3, D 780" de Franz Schubert e "Sonata para piano nº 23 en Fa menor Op.57, "Appassionata" de Ludwig van Beethoven
- 31 de marzo: "Romanza para violín e piano en Fa maior, Op.0" e "Sonata para violín e piano nº 5 en Fa maior, Op. 24 "Primavera" de Ludwig van Beethoven
- 28 de abril: "Serenade en Re m, Op.25 para frauta, violín e viola", rondó do "Concerto para piano nº3, Op.37" e "Sinfonía nº1" de Ludwig van Beethoven
- 19 de maio: Transcrición para piano do "1º movemento da sinfonía nº5 de Beethoven" de Franz Liszt e "Sonata para piano nº 21 en Do Maior Op.53, Waldstein" de Ludwig van Beethoven
- 26 de maio: "Rondo opus 51 nº 2 en sol Maior" e "Sonata para piano nº 31 na b Maior Op. 110" de Ludwig van Beethoven e "Fantasia sobre un ostinato" (baseada nun tema de Beethoven)" de John Corigliano

HORARIO: os martes ás 20:00 h.

PREZO: entrada libre ata completar capacidade

LUGAR / INFORMACIÓN:

Real Academia Galega de Belas Artes
Praza Pintor Álvarez Sotomayor, 1 (15001 - A Coruña)
Tel.: 981 211 602 / info@academiagalegabellasartes.org
Web: www.academiagallegabellasartes.org



Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

Playa Club. Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)
<http://playaclub.club/programacion>
sábado 7 ás 23.00 h.: **IBERIA SUMERGIDA**. Entrada: 16€/20€

Sala Mala Vida. R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)
www.facebook.com/salaleclub
sábado 7 ás 21.30 h.: **JUS KNO' + PÁLIDA**. Entrada: 7€

Sala Bunker. Praza Cormelana, 6 (15003 - A Coruña)
www.facebook.com/bunkerclub
sábado 7 ás 21.30 h.: **JOE CREPÚSCULO**. Entrada: 15.50€

Sala Mardi Gras. Trav. da Torre,8 (15002-A Coruña)
www.facebook.com/salamardigras
venres 6 ás 23.00 h.: **GEORGINA**. Entrada: 8€
sábado 7 ás 22.30 h.: **OCHODIECINUEVE**. Entrada:

Bábá Bar. R/ Pérez Cepeda, 23 (15004-A Coruña)
www.facebook.com/baba.bar.7
xoves 5 ás 21.00 h.: **DANI FLACO**. Entrada: 13.50€

Sala Garufa Club. R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)
www.facebook.com/SalaGarufaClub
mércores 4 ás 21.00 h.: **SOLEÁ MORENTE**. Entrada: 15€/18€
xoves 5 ás 22.30 h.: **THE AGAPORNIS**. Entrada: 8€/12€
venres 6 ás 22.30 h.: **ANTÍLOPEZ**. Entrada: 12€/15€



Axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras 2020

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convoca axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2020, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos

2º BACH.	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés en Canadá: 3 semanas. <i>Familia</i> • Inglés no Reino Unido: 3 semanas. <i>Familia</i> • Francés en Francia: 3 semanas. <i>Familia ou residencia</i> • Portugués en Portugal: 3 semanas. <i>Familia ou residencia</i>
1º BACH.	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés no Reino Unido: 3 semanas. <i>Familia</i> • Inglés en Canadá: 3 semanas. <i>Familia</i> • Inglés en Canadá-integración: 4 semanas. <i>Familia</i> • Inglés en Galicia: 1 semana. <i>Residencia</i> • Francés en Francia: 3 semanas. <i>Familia ou residencia</i> • Portugués en Portugal 3: semanas. <i>Familia ou residencia</i>
4º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés en Galicia: 1 semana. <i>Residencia</i> • Inglés en Galicia: 2 semanas. <i>Residencia</i>
3º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés en Galicia: 2 semanas. <i>Residencia</i>
2º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés en Galicia: 2 semanas. <i>Residencia</i>
1º ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Inglés en Galicia: 2 semanas. <i>Residencia</i>

CANDO: desde a última semana de xuño ata finais de agosto de 2020, excepto as actividades de 2º de bacharelato, que se desenvolverán en agosto, e as actividades de integración, no inicio do curso 2020/21

INSCRICIÓNS: ata o 26/03/2020, a través da aplicación en liña www.edu.xunta.es/axudasle (cuberto o formulario, a aplicación permitirá elixir entre a presentación electrónica ou presencial)

REQUISITOS:

- Estar cursando, no réxime xeral, 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO ou 1º ou 2º de Bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos, durante o curso 2019/2020, de Galicia.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2018/2019.
- Ter acadado no curso 2018/2019 unha cualificación mínima de Ben no 6º de Ed. Primaria para o alumnado de 1º de ESO, e de 6 para o de 2º, 3º e 4º curso de ESO e de Bacharelato na área ou materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía.
- Para actividades de integración, estar matriculado/a nun centro da Rede de centros plurilingües.
- Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.
- Estar en posesión do DNI, número de identidade de estranxeiro ou pasaporte. No caso do alumnado menor de 14 anos que non dispoña de DNI, farase constar o do pai/nai ou titor/a legal.
- As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que conten con domicilio en Galicia.

PREZO: as familias achegarán as cantidades que correspondan segundo o anexo IV da convocatoria.

O programa inclúe:

- gastos da viaxe, de mantenza e aloxamento, de docencia e material escolar
- monitores/monitoras que acompañarán o alumnado.
- actividades culturais, deportivas e complementarias
- seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

MÁIS INFORMACIÓN:

Consellería de Educación, Universidade e FP

Edf. Adm. San Caetano s/n. (15781 – Santiago)

Tel.: 981 957 296 - 981 546 544

Correo-e: axudasle@edu.xunta.es

Web: www.edu.xunta.es/axudasle

PUBLICACIÓN: DOG 26/02/2020



Axudas para a realización de cursos de idiomas na estranxeiro para mocidade con discapacidade

Fundación ONCE puxo en marcha un programa de axudas de mobilidade internacional para que mocidade con discapacidade de entre 18 e 29 anos poida estudar inglés, francés ou alemán nalgún país da Unión Europea cuxa lingua oficial sexa un destes tres idiomas.

CANDO: os cursos deberán desenvolverse entre o 1 de marzo e o 15 de setembro de 2020

INSCRICIÓNS: ata o 07 de agosto de 2020

REQUISITOS:

- Ter unha discapacidade cun grao igual ou superior ao 33%, recoñecida oficialmente polo Organismo competente da súa Comunidade Autónoma.
- Cumprir os 18 anos e non ter máis de 29 anos no momento da solicitude.
- Ser beneficiario/a de o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no momento da solicitude.
- Estar en posesión dun nivel mínimo B1 do idioma para o que se solicita a axuda ou outro título ou nivel asimilado, sendo estes os descritos no apartado IV da presente convocatoria.
- Matricularse nalgún curso de idiomas no estranxeiro dun mínimo de 4 semanas e un máximo de 12 semanas de duración, durante as cales se deberá recibir formación no idioma seleccionado de polo menos 20 clases semanais dun mínimo de 40 minutos cada unha.
- Comprometerse á contratación, pola súa propia conta, e en caso de resultar beneficiarios da axuda, dun seguro de asistencia en viaxe que comprenda a totalidade do período de estancia no estranxeiro para a realización do curso.

DOTACIÓN: axudas para sufragar o custo da formación, así como os gastos de viaxe e estancia no estranxeiro, dun mínimo de 4 semanas e un máximo de 12, segundo o seguinte esquema:

- Programas de 4 semanas.....2.000 €
- Programas de 6 semanas.....3.000 €
- Programas de 8 semanas.....4.000 €
- Programas de 10 semanas....5.000 €
- Programas de 12 semanas....6.000 €

MÁIS INFORMACIÓN:

Fundación ONCE

Tel.: 91 506 88 68 / 91 506 89 46

idiomas@fundaciononce.es

Web: <https://becas.fundaciononce.es>



Te ayudamos con una beca de idiomas que puede solicitar desde el 31 de enero al 7 de agosto a través de:

<http://becas.fundaciononce.es>

CONCURSOS

XV Certame Literario do Concello de Ames

O Concello de Ames convoca o XVII Certame literario nas modalidades de narrativa e poesía.

INSCRIPCIÓN: ata o 01/04/2020

REQUISITOS:

- O tema é libre, e cada participante poderá presentar un texto inédito escrito en lingua galega.
- As persoas participantes enviarán 4 exemplares do texto, en folios mecanografados por unha soa cara, a dobre espazo e tamaño de letra 12.
- En narrativa, a extensión mínima será de 2 páxinas e a máxima será de 6.
- En poesía, a extensión mínima será de 20 versos e a máxima será de 50.
- Só se poderá presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades, e clasificadas nas seguintes categorías: a) ata 13 anos b) de 14 a 17 anos c) 18 anos ou +

DOTACIÓN: establécense 3 premios para cada unha das categorías:

1ª Categoría (ata os 13 anos): - 1º premio: 150€ - 2º premio: 120€ - 3º premio: 90€

2ª Categoría (dos 14 aos 17 anos): - 1º premio: 180€ - 2º premio: 150€ - 3º premio: 120€

3ª Categoría (18 anos ou +): - 1º premio: 260€ - 2º premio:

210€ - 3º premio: 180 €

MÁS INFORMACIÓN:

Concello de Ames


Avda. de Azcárraga, 5. Bertamiráns (15220-Ames)

Tel.: 662 377 215

Correo-e: normalizacion@concellodeames.gal

Web: www.concellodeames.gal

*Arquivo: [Bases completas \(93 KB\)](#)



XVII Concurso escolar de debuxo sobre Dereitos Humanos

Co fin de promover o coñecemento dos Dereitos Humanos entre os escolares españois, o Defensor do Pobo de España, coa colaboración da ONG Globalización dos Dereitos Humanos, convoca o XVII Concurso escolar de debuxo, Defensor do Pobo 2019-2020.

INSCRIPCIÓN: ata o 04/04/2020

REQUISITOS:

- Alumnado de Ed. Primaria, ESO, bacharelato, FP de grao Medio, e Educación Especial.
- Cada alumno deberá presentar un debuxo orixinal, con calquera material ou técnica, relativo aos dereitos humanos. O debuxo presentárase nunha folia de papel de tamaño A4.
- Os debuxos deberán levar pegado ou grapado un sobre en cuxo exterior se faga constar Concurso Defensor do Pobo 2019-2020 e o curso no que estea matriculado o concursante e en cuxo interior debe figurar o nome e apelidos do concursante, a súa idade (en caso de ser menor deberá acompañar unha autorización dos pais/titores para participar), curso e centro no que está matriculado, así como o teléfono do centro ao que pertence.
- Os traballos enviaranse por correo postal ao Apartado de correos 15020 - 46018 Valencia.

DOTACIÓN: 3 premios para Ed. Primaria, 3 premios para ESO, bacharelato e FP de Grao Medio) e 1 premio para Ed. Especial, consistentes en:

1 ordenador portátil para cada gañador/a + axuda económica para desprazarse a Madrid a recoller o premio (os centros educativos con alumnos premiados recibirán un diploma de recoñecemento).

MÁS INFORMACIÓN:

Oficina do Defensor do Pobo

C/ Zurbano, 42. (28010 - Madrid)

Tel.: 91 432 62 97 / 91 432 79 52

Correo-e: premio.dibujo@defensordelpueblo.es

Web: www.defensordelpueblo.es

*Arquivo: [Bases completas \(629 KB\)](#)



XVII CONCURSO ESCOLAR

DIBUJOS SOBRE DERECHOS HUMANOS

2019-2020

 **DEFENSOR DEL PUEBLO**

XXVIII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional

As XXVIII Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional, XOUP, ofrecen a oportunidade de coñecer os estudos universitarios do SUG (Sistema universitario de Galicia), os ciclos formativos medios e superiores de FP e de ensinanzas artísticas que se imparten na cidade da Coruña, e os estudos superiores artísticos de Galicia

CANDO: do 23 de marzo ao 3 de abril de 2020

- **do 23 ao 26 de marzo de 2020: ENSINANZAS PROFESIONAIS E ARTÍSTICAS SUPERIORES:**
 - unha semana de **visitas** aos distintos **centros** onde se imparten os ciclos formativos **medios e superiores**, para coñecer máis de cerca estes estudos,
 - **mesa informativa** dedicada aos **estudios superiores artísticos** de Galicia (Ciclos Superiores de Artes Plásticas e Deseño, Estudos Superiores de Deseño, Conservación e Restauración de Bens Culturais e Ensinanzas Superiores de Arte Dramático), será na **EASD Pablo Picasso** o **xoves 26 de marzo**.
- **do 30 de marzo ao 3 de abril de 2020: ESTUDOS UNIVERSITARIOS** no **Centro Universitario de Riazor**
 - unha semana de **mesas informativas sobre os graos universitarios** que se imparten nas universidades galegas. Conta cun punto informativo, xestionado polo Centro Municipal de Información Xuvenil e o SAPE, onde asesorarse sobre aspectos de interese para as/os estudantes, de cara á toma de decisións académicas.

INSCRICIÓNS: do 2 ao 18 de marzo de 2020

- a) **Persoas interesadas** que estean **matriculadas nun centro educativo**: deben solicitar **no seu centro** as credencias para asistir tanto ás MESAS informativas como ás VISITAS aos centros
- b) **Persoas** que **NON** estean **MATRICULADAS nun centro educativo**, interesadas en acudir ás VISITAS aos CENTROS de ensinanzas profesionais, e a MESA INFORMATIVA dos estudos superiores artísticos: poden facer a solicitude de credenciais directamente **no CMIX**

REQUISITOS:

- Persoas destinatarias: alumnado de 4º ESO, FP e Bacharelato.
Poderán acudir outras persoas interesadas, se hai prazas disponibles
- O alumnado terá que presentar a credencial correspondente ao inicio das visitas aos centros e ás mesas universitarias.
- **NOVIDADE**: As mesas de presentación das Universidades (UNI 1 e UNI 2) serán de libre acceso ata completar capacidade

MÁIS INFORMACIÓN:

Servizo Municipal de Educación

Avda. da Mariña, 18-2º (15001 - A Coruña)

Tel.: 981 184 200 ext. 12047 / correo-e: educacion@coruna.es

Centro Municipal de Información Xuvenil

Fórum Metropolitano R/ Río Monelos, 1 (15006 - A Coruña)

Tel.: 981 184 294 / correo-e: cmix@coruna.es

www.coruna.gal/cmix

UDC: Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)

Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña, s/n (15071 - A Coruña)

Tel: 981 167 000 ext. 2900

correo-e: sape@udc.es

www.udc.gal/sape

WEB: www.coruna.gal/educacion

*Arquivo: [XOUP 2020 información e calendario](#)



**TI
ELIXES!**

XXVIII XORNADAS DE ORIENTACIÓN
UNIVERSITARIA E PROFESIONAL
(XOUP)

Proxecto LEWO Voluntariado Xuvenil en Espazos Naturais

A D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado no marco do proxecto LEWO - LIFE Evergreen with volunteer organiza actividades de voluntariado ambiental para marzo, abril, maio e xuño de 2020.

O principal obxectivo é sensibilizar e fomentar o respecto polo rico patrimonio natural de Galicia así como preservar e potenciar estas zonas coa contribución dos mozos e mozas voluntarias.

Ao abeiro deste proxecto desenvólvense actividades de 3 tipos: preservación e conservación; investigación ou catalogación de flora e fauna e accións educativas de información e sensibilización

CANDO:

Parque Natural Monte Aloia: 6, 7 e 8 de marzo.

Reserva da Biosfera Terras do Miño: 13, 14 e 15 de marzo.

Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés:

- 20, 21 e 22 de marzo.

- 17, 18 e 19 de abril.

Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: 20, 21 e 22 de marzo.

Ribeira Sacra - Canón do Sil:

- 27, 28 e 29 de marzo.

- 29, 30 e 31 de maio.

ZEC Ancares-Courel: 8, 9, 10, 11 e 12 de abril.

Parque Nacional Illas Atlánticas (Illas Cíes): 8, 9, 10, 11 e 12 de abril.

Parque Nacional Illas Atlánticas (Illa de Ons):

- 17, 18 e 19 de abril.

- 24, 25 e 26 de abril.

O Courel-Triacastela: 24, 25 e 26 de abril.

Parque Natural O Invernadeiro:

- 1, 2 e 3 de maio.

- 5, 6 e 7 de xuño.

Parque Nacional Illas Atlánticas (Illa de Cortegada):

- 1, 2 e 3 de maio.

- 8, 9 e 10 de maio.

O Courel-Folgozo do Courel: 8, 9 e 10 de maio.

Parque Natural Serra da Enciña da Lastra: 15, 16 e 17 de maio.

Parque Nacional Illas Atlánticas (Illa de Sálvora):

- 15, 16 e 17 de maio.

- 29, 30 e 31 de maio.

Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán: 5, 6 e 7 de xuño.

O Courel-Quiroga: 12, 13 e 14 de xuño.

REQUISITOS:

- Ter entre 18 e 30 anos e residir en Galicia.
- Estar rexistrado/a no Corpo Europeo de Solidariedade ([//europa.eu/youth/solidarity_es](http://europa.eu/youth/solidarity_es))
- Cumprimentar o formulario de participación online en www.voluntariadogalego.org (as persoas voluntarias poden participar en todas as actividades programadas, pero se o grupo das persoas apuntadas excede do máximo na zona, seleccionaranse por rigoroso orde de inscrición)

DOTACIÓN: o programa cubre o desprazamento, amanutención, o aloxamento en habitacións de uso múltiple, os seguros e as actividades formativas.

MÁIS INFORMACIÓN:

D.X. Xuventude, Participación e Voluntariado

Tel.: 881 999 567

Correo-e: erasmus.xuventude@xunta.gal

WEB: www.voluntariadogalego.org



Viaxes solidarias en Semana Santa con Vento Norte Sur

A Asociación Vento Norte Sur organiza viaxes solidarias a Marrocos, Senegal e a India, e un campamento con trekking en Menorca para a Semana Santa 2020.

CANDO:

- Marrocos: Viaxe solidaria ao deserto marroquí: do 4 ao 11 de abril ([descarga pdf](#))
- Marrocos: Trekking Val das Rosas solidario: do 4 ao 11 de abril ([descarga pdf](#))
- Estancia solidaria en Senegal: do 4 ao 14 de abril ([descarga pdf](#))
- India desde unha mirada responsable: do 4 ao 16 de abril ([descarga pdf](#))
- Campamento con trekking en Menorca - Camí de Cavalls: do 4 ao 13 de abril ([descarga pdf](#))

INSCRICIÓNS: ata cubrir prazas.

REQUISITOS: persoas maiores de 18 anos (os menores poden ir acompañados por familiares)

PREZO:

- Marrocos: Viaxe solidaria ao deserto marroquí: 395€
- Marrocos: Trekking Val das Rosas solidario: 395€
- Estancia solidaria en Senegal: 590€
- India desde unha mirada responsable: 995€
- Campamento con trekking en Menorca - Camí de Cavalls: 485€

MÁIS INFORMACIÓN:

Asociación Vento Norte Sur

Praza Toledo s/n, baixo. 30009 Murcia

Telf. 636 385 176

info@vintonortesur.org

Web: www.vintonortesur.org



Aplicación móbil “Risco 0”

O Colexio de Médicos da Coruña pon en marcha a aplicación móbil Risco 0 para dispositivos Android, dirixida a adolescentes, pais e docentes, para mellorar a información sobre métodos de anticoncepción, realizar prácticas sexuais seguras e evitar enfermidades de transmisión sexual.

Entidades colaboradoras:

- Colexio Oficial de Médicos da Coruña
- Colexio Oficial de Farmacéuticos da Coruña
- CIFP Ánxel Casal – A Coruña
- CIFP Imaxe e Son - A Coruña

As entidades que queiran sumarse á [campanha “RISCO 0”](#) difundindo a aplicación no seu ámbito será incluídas como colaboradores

MÁIS INFORMACIÓN:

www.riscocero.com

